



**Advertidos erros materiais de carácter tipográfico na Resolución do 29 de decembro de 2022 pola que se convoca o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA) cómpre efectuar as seguintes precisións:**

No penúltimo parágrafo da primeira páxina, onde di "....., daquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1 da Lei 20/2021, estivesen ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade o 1 de xaneiro de 2016" debe dicir daquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1 da Lei 20/2021, estivesen ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida nos tres anos anteriores a 31 de decembro de 2020"

No último parágrafo da primeira páxina, onde di "...establécese a obrigatoriedade do uso de medios electrónicos na inscrición das solicitudes de participación neste proceso selectivo" debe dicir "...establécese a posibilidade do uso de medios electrónicos na inscrición das solicitudes de participación neste proceso selectivo"

No terceiro parágrafo da páxina 2, onde di "Convocar o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición de méritos, para o ingreso nas categorías seguintes: ....." debe dicir "Convocar o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso nas categorías seguintes: ....."

No penúltimo parágrafo da páxina 11 correspondente ao apartado II. Proba de coñecemento da lingua galega, onde di "O exercicio terá unha duración de noventa (120) minutos" debe dicir "O exercicio terá unha duración de cento vinte (120) minutos"

No segundo parágrafo da páxina 15 correspondente ao apartado III.1. Fase de Oposición, onde di "O exercicio terá unha duración de noventa (120) minutos" debe dicir "O exercicio terá unha duración de cento vinte (120) minutos".

No último parágrafo da páxina 16 correspondente ao apartado IV Fase de concurso, onde di "A valoración dos méritos terá unha puntuación máxima de 100 puntos" debe dicir "A valoración dos méritos terá unha puntuación máxima de 40 puntos"

No primeiro parágrafo da páxina 19 correspondente ao apartado IV.2., onde di "Os méritos enumerados nas bases III.1.1 deberán referirse á data de publicación da convocatoria no DOG e deberán acreditarse de conformidade co procedemento seguinte:..." debe dicir "Os méritos enumerados nas bases IV.1.1 deberán referirse á data de publicación da convocatoria no DOG e deberán acreditarse de conformidade co procedemento seguinte:..."

No segundo parágrafo da páxina 20 correspondente ao apartado IV.4., onde di "A orde de prelación das persoas aspirantes virá dada pola suma das puntuacións da fase de concurso" debe dicir "A orde de prelación das persoas aspirantes virá dada pola suma das puntuacións da fase de concurso e fase de oposición"

Na páxina 23, apartado VI.1 onde di:

"En primeiro lugar o empate dirimirase en caso de infrarrepresentación do sexo feminino na correspondente categoría profesional, a prol da muller.

En segundo lugar o empate dirimirase segundo a puntuación obtida na fase de oposición.

En segundo lugar, de persistir o empate, este resolverase polo maior tempo de servizos prestados na categoría profesional obxecto da convocatoria en SEAGA.

En terceiro lugar, de persistir o empate, este resolverase polo maior tempo de servizos prestados no ámbito de SEAGA.

En cuarto lugar, de persistir o empate, este resolverase pola maior idade da persoa aspirante."

Debe dicir:

"En primeiro lugar o empate dirimirase en caso de infrarrepresentación do sexo feminino na correspondente categoría profesional, a prol da muller.

En segundo lugar o empate dirimirase segundo a puntuación obtida na fase de oposición.

En terceiro lugar, de persistir o empate, este resolverase polo maior tempo de servizos prestados na categoría profesional obxecto da convocatoria en SEAGA.

En cuarto lugar, de persistir o empate, este resolverase polo maior tempo de servizos prestados no ámbito de SEAGA.

En quinto lugar, de persistir o empate, este resolverase a prol da persoa aspirante de maior idade."

